

Teléfonos.  
981 844 800  
981 849 960  
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L 01150119



CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

Secretaría 1/2

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019  
Casa do Concello

RECEBIDO  
SECRETARÍA 1/2  
7723  
21 SET. 2015

**NOTIFICACIÓN**

Asunto. convocatoria á sesión EXTRAORDINARIA do Pleno da Corporación

Notifícaselle a Resolución da Alcaldía do 21/09/2015 que di:

*"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

*O 28/08/2015 solicitouse por parte da oposición que tivese lugar unha sesión plenaria para analizar o fin da emisión de Radio Boiro (RE 8661 do 01/09/2015).*

*Conforme ao que dispoñen o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Resolución da Alcaldía do 09/09/2015, de delegación de funcións da Alcaldía na 1ª Tenencia de Alcaldía, con esta data RESOLVO:*

**PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o**

**Día:** 30/09/2015  
**Hora:** 12:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 12:00 h. a 2.ª, dous días despois  
**Lugar:** salón de plenos da Casa do Concello.  
**Orde do día:**

**I PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

1. *Análise das razóns extraordinarias que motivaron o fin da emisión de Radio Boiro*

**SEGUNDO. NOTIFICARLLES** esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición o antecedente do asunto na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xomada laboral.

**TERCEIRO. PUBLICAR** esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO. DARLLE CONTA** desta resolución ao Pleno do Concello.

**QUINTO.** Esta resolución adoptase por delegación (Resolución da Alcaldía de delegación de funcións do 09/09/2015)

Boiro, 21 de setembro de 2015.

O alcalde en funcións,

Fernando Manuel García Diéguez

o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez"

RECURSOS



Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 21 de setembro de 2015

O secretario,  
Dalmiro Nuñez Méndez



*[Handwritten signature]*